

A Xanela

Revista cultural das Mariñas

A Xanela

Revista cultural das Mariñas

Nº 20

OUTONO

2005



DE VOLTA DA FONTE DO CAMPO
FOTO DE JOSÉ SUÁREZ, ANOS 60

COLABORACIÓNS

Medos Romero, Paulo Martínez Lema, Lois Diéguez, Gabriela Rodríguez, Fernando Díaz-Castroverde, Ana Barral, Alexandre Nerium, Maxi Rei, Luciano Maia, Xavier Queipo e alumnos do seu curso, Maria Virgínia Monteiro, João de Castro Nunes, Antón Fafián Porto, Xosé M^a Veiga Ferreira, Juan Sobrino Ceballos, Xesús Torres Regueiro, Alfredo Erias, Víctor Tizón, Xosé Luis Sobrino e Baraxeiro.

TEXTOS

Oliveira Guerra, Víctor Luis Molinari

DESEÑOS

Víctor Tizón, Luis Otero, Calros Silvar, A. Erias e
Olaia Torres

FOTOGRAFÍAS

José Suárez, Ramón Dimas, Baraxeiro, Veiga e
Arquivo Eira Vella

COORDENA

Suso Torres

MAQUETA

Equipo Xerri

IMPRIME

Lugami, Artes Gráficas. Betanzos

D.L.

C - 1696 /96

Permíttese e agradécese a reprodución, citando a procedencia.
O noso E-mail: eiravellabetanzos@yahoo.com

A.C. EIRA VELLA. Edificio das Antigas Escolas do Asilo, baixo.
Praza do Mestre José Dapena. BETANZOS 15300. GALICIA.

Agradecementos:

A todos os **anunciantes** (locais comerciais, empresas e entidades) que fan posible a saída dun novo número de *A Xanela*, pola súa fidelidade e colaboración.

A todas as persoas que teñen colaborado e participado nos últimos meses nas actividades da nosa asociación cultural e moi especialmente a: Antón Malde, Xaquín Marín e o Museo de Humor de Fene, Xosé Luis Axeitos e Miro Casabella.

Á Deputación Provincial da Coruña e á Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, polas axudas concedidas para a edición da revista *A Xanela* neste ano e edición facsimilar da conferencia de Rodolfo Prada sobre Antolín Faraldo.

Á Concellaría de Cultura do Concello de Betanzos pola súa axuda para a organización das 1^{as}. Xornadas de Historia "Bisbarra de Betanzos" e para unha edición de postais divulgativas de Betanzos.

Relacións galego-portuguesas:

A Asociación Cultural Eira Vella contribuíu á divulgación, distribución e espallamento dun pequeno fondo existente da revista *Céltica*, publicada no Porto a comezos dos anos sesenta polo entusiasta da Galicia Oliveira Guerra, de quen se fala neste número.

Felicitacións:

Ao **Centro Betanzos** de Bos Aires, representante do colectivo betanceiro emigrado na Arxentina, pola súa centenaria actividade societaria que vai conmemorar o 5 de decembro.



Eira Vella tamén na Coruña

Na Coruña, cun alcalde que non cumpre a lei (a de Normalización Lingüística, polo menos) non é doado atopar exemplos claros de ruas ou prazas en galego, agás excepcións tipo A Gaitreira ou O Montinho. Se ata a antiga rúa dos Alcabeleiros a convertiron en Calle Caballeros! Daí a nosa ledicia por atopar esta EIRA VELLA, que é tamén o nome da nosa asociación editora desta revista. Claro que para iso hai que ir dar aos suburbios, neste caso da parroquia de Visma.

Intercambios:

A Xanela intercámbiase con outras publicación culturais de calquer ámbito. Para solicitar intercambio dirixirse ao noso enderezo:

A.C. Eira Vella
Praza do Mestre José Dapena 1
Antigas Escolas do Asilo, baixo.
15300. Betanzos

Ou ao noso correo electrónico:
<http://eiravellabetanzos@yahoo.com>

Víctor Tizón



Requiem

Medos Romero

Foi a vertixe a súa visión naquel movemento estraño, no zarandeo do corpo penceando aínda da árbore cos ollos abertos e cristalinos. Foi iso a vertixe, os pes penceando inertes do ar, a cianose da faciana, as mans algo pechadas, sobre todo aquel aceno lene aínda, o acto reflexo dos nervos, a ausencia en segundos da vida, a irreparable perda... E seica foi outra vez o río, ou esta maldita tristura que te afoga neste lugar, a néboa abafante que se adentra nun e che fai perder a ansia sumíndote nunha melancolía insoportábel. Así é un ano tras outro, nas augas profundas, na ribeira dos regatos, contra das penas mesmo, unha desgana outonal como unha canción agochada que nunca remata, un verme de desgracia que se che adentra e te vai minando por dentro, pudríndoches o corazón, as vísceras, a cabeza... Daquela é cando chaman por ti as voces dos afastados na néboa, no limo, no goldrío das correntes, nas pozas profundas onde tamén roibeas as penas. E es capaz de ouvir como te nomean do seu ventre o frío das canteiras, e ante a súa insistencia, e co poder hipnótico da mourume saes da casa, abandoas todo (iso cren eles, por non pensar na culpa de non facerte acaso feliz, tan só unha miaxa, tan só un bocadiño de nada). ¿Quén te acollerá na túa valentía, no teu arrebatado, na túa desesperante loucura? As cordas deixan a presión, as formas dun nó sobre da gorxa. Levas a barba de días, dos días que se acabaron. Vémoslos nos surcos dos teus beizos aínda mornos. Ollámoste mudos, aí de pé tan alto e longo, agora degolado e feble, coma un Cristo vello, e ela a Magdalena aos teus pes ¿cómo se soporta ver o

fillo morto, vencido, acabado, se ela lle deu vida, como? É desgarrador. Danos medo, e un inqueda lamento se apodera de todos. Non só por el, non. A desgracia é colectiva, non é aillada. Outro cairá ó paso dos meses. Quizabes sexa eu, ou ese que fica á miña beira mesmo. Calquera de nós, non se librará deste cancro de friaxe, desta lama, e da lá que se alimenta baixo os carballos do inverno. Aquí

non fica unha terra de luz, non. Aquí as p o n z o ñ e n t a s semesugas soñan a brancura mol dun corpo. A touza baixo terra ergue redes que atrapan e engulen con gosto e precisión. Os peixes teñen os ollos vidrados e un lombo dunha cuarta estrelado, a boca máis moura que poida imaxinar, e até as pedras se recobren dunha baba escura e limoenta que esvara e medra de si. Foi así como a nai pideu que as augas parasen por sempre de ruxir desde o alto da presa (vina

eu mesma, pedilo axeonllada e coas mans dereitas). Foi así como nos foi esquecendo a espuma dos saltos estourando pola túa memoria dos teus días acabados, e quen sabe quizabes algo felices. Foi así como se torou o carballo até o castigo do posíbel olvido, até a dor de desangralo do seu mal —el, que te acolleu no teu último pensamento—. Cortámolo para facer del lume que te esqueza, palabras en charetas para outros soños, nomes propios doutras novas árbores. Cortamos o couce a rás da terra cos seus aneis de anos acabados. Toramos os seus brazos castigados para que non sosteñan o peso insoportábel de ningún outro home desarmado da razón. Coas follas aínda vivas



fixemos unha canción triste e fermosa. Todas as cancións de follas son fermosas, pola suavidade da alma na súa aprendizaxe de andaravías. E adentrouse algo de luz no pequeno fraguío. E aínda así revocouse toda arredor a posibilidade de que non retoñases de novo. ¡Que inxenuos somos todos, como se así fosemos capaces de acalar a dor e que non retoñe co paso do tempo dentro da nai e de nós. Matamos os nervos da vella árbore, os seus nós, o cerne mesmo, a corteza dura, o poder do seu desafío, con firmeza, en sinal de que non quede sinal para seguir vivindo, en sinal quizabes de castigo para un vello tentador de homes. Aínda así houbo quen do desatino. Houbo quen de chorar a árbore, de desafiar a razón. Foi así como aquel aprendiz de gaiteiro que nunca apalpou o nó dun buxo en vivo se puxo a tocar aquel himno, a marcha do antigo reino dos carballos, el, que nunca correu a sorte con ilusión dos bailaretes, nin sabe da profundidade que alcanzan as súas raíces ao pe das leiras, nin apañou a presadas nas landes para os porcos, nin acaso veu facer as cambas das

rodas dun carro de carballo, ou apreciar que a súa leña quente ben menos que a leña de toxo, el, que non soubo da dureza para anavallar o seu nome na carne da pereira, si, este home tan doído que non apañou follas para facer esterco, foi capaz de doerse da árbore. Dígo eu, que levei toros de bidueira noviña protexéndome os pes, como naquela vella película italiana que se titulaba «A árbore dos zocos», eu, que ameí infinitamente as súas follas mareladas, a casca abrancazada á intemperie do inverno e envexei a súa beleza concisa e espida. Quizabes tamén meu pai roubara bidueiras noviñas para nos calzar —estou segura delo—. E téñome abrazado para gañar a súa forza ao corpo mesmo dun pradairo e dos castiñeiros para alentar algo máis de vida... El, ante os ollos atónitos do noso pequeno mundo, postrou o seu pranto naquel oco baldeiro. Atónitos, feridos, ouvimos aquel son necio e estúpido que non choraba por un home nin tampouco por nós. Emocionado e febril tocaba o requiem por un carballo caído. ▀

Ilustración: LUIS OTERO

Muller vermella entre as abidueiras

mais a noite asexada exhausta entre os dedos do harpista cego
replégome sobre o límite dos teus labios, esa auga
sentes nas nosas pálpebras as vellas cidades de vidro?
séntesme emerxendo desde o cántico dos mouchos?

non esquezas como estalaban entre a néboa os esqueletes das casas negras
como nos fitaba avoa anicada onda a lareira vacía
(fermosa a súa cofia como neve no lombo das eguas)
ela que era o silencio e a palabra inminente
mentres o vento chamava incansábel por ti desde o centro do milleiral

e nalgures había un lago, fermosa,
sempre hai un lago e un verso amargo como zume de landra
e nalgures tamén forxas vermellas deusas entre as abidueiras
esas que te cinxen agora cun río de risos distantes

lémbrao agora que latexas, amor, aínda e por sempre incompleta coma o retorno

Paulo Martínez Lema

O Pita Podre

Lois Diéguez

«Ñan, ñan, ñan... merda !»
«Ñan, ñan, ñan... merda !»

Así murmuraba o Pita Podre cada mañá, mentres concentraba os contedores do lixo no meio da avenida á hora en que se enchía de coches e de xente. Ía el vestido cun traxe de buzo raibosamente amarelo, co seu tubo para respirar e as luvas grandes para non luxar as mans.

Catro minutos exactamente lle duraba a operación, mentres berraban as bucinas dos coches e os chauferes o insultaban con carraxe. O Pita Podre facía así coa boca, «ñan, ñan, ñan..., ñan, ñan, ñan», e botaba-lles o contido das bolsas do lixo aos máis cabreados mentres lles cantaba:

merda merda, merda de cadela
xa que a fixeche tes que comé la.

A policía non lograba pillar o Pita Podre, pois aparecía en calquer punto conflitivo no que houbera máis concentración de cheirentos contedores para desaparecer aos catro minutos. A verdade é que a cidade fedía tanto que comezaba a xente a non querer sair das súas casas.

E despois duns meses, milagrosamente, comezou a arrecender a rosas precisamente nos lugares onde o Pita Podre amoreara os contedores. Pero antes xa tiña acontecido o que de seguido vos conto.

Un día viron todos como o Pita Podre, co seu buzo raibosamente amarelo e as grandes luvas, cabalgaba penosamente sobre os cables da luz que comunicaban co edificio da consellaría de Meio Ambiente. Levaba catro bolsas de lixo colgadas dunha corda que atara á súa cintura. Como fedían ! Mais a curiosidade foi xuntando a xente. O Pita Podre avanzaba con grande perigo de se cair. E nestas que aparece un policía. Dun brinco logra coller a corda coas bolsas do lixo, e tira. O toliño cai no asfalto como unha perdiz tiroteada. Por tras do casco corre-lle un fio de sangue. Cando o policía lle saca o casco ven todos unha cara branca de ollos azuis, co pelo loiro como o sol. E cando na sala de autópsias o ispen, asoman as asas de prata e abren-se, e sobe el, sobe como unha cegoña, até perder-se no azul intenso da primavera.

Orbazai, 11 de novembro de 1998
DIA DOS TOLOS.



Ilustración: LUIS OTERO

NUN MUNDO espido
brindamos na barra da lúa,
con todos os balcóns abertos ó mar,
con todas as vidas amencidas en xeo
e os ollos procurando segredos,
buscando axuda na loucura.

Apertamos as mans nun repertorio de noites
que parten en todas direccións.
Arrástranos despois o tempo
cada mañá.
Vivimos.
Aceptamos que cerramos portas detrás,
que non hai regreso.

De repente,
perdemos todo.
Sorprendémonos deslizando os dedos polas costas da lúa.
Esvaramos.
Adeus.

Ana Barral

Unha aperta

Debúllanseme as bágoas no rostro da memoria,
chafarices de mágoas acendendo a lareira,
gumes enferruxados na friaxe da aurora
onde a tersura labra negras ondas esgrevias.

¡Canta humilde palabra na terra axeonllada
batendo nos valados os xugos contra as pedras!,
¡cantos fieis cavadoiros chorando nos recantos!,
¡cantos tristes mulidos cargados de paciencia!

Decruamos degoiros coa fame omnipresente
de salgados laídos nos estigmas da area,
peneiramos os loiros cabelos das espigas

nos delamos perdidos da tarde treboenta,
esgazamos os coiros na bravura do tempo
cos pés atecidos, exhaustos na pobreza.

Alexandre Nerium

De Vagas en espiral

Xullo de 1999, morreu a señora Elvira da Malata

A veces é preciso deter un mediodía
Botar a cabeza fóra do tren do tempo
E encher os pulmóns da máis xélida eternidade branquecina
Para entender que non haxa máis postas do sol alén dos catro camiños

E a morte volvénos a por os ollos no océano branco da verdade
Ollar a túa casiña de pedra, núa
como unha estrela que trema de medo no ceo de decembro
e saben as pedras das paredes canta esperanza os teus ollos nelas, apousaron
canta sabiduría que había nas túas mans,
a maxia dos teus dedos campesiños, na brancura faturenta do leite
¡queixos de Vizoiño, da señora Elvira, que este sexa o voso verso!

E eu era aquel neniño que corría dun lado para outro
Aquel neno ó que lle gustaba untar no pan os queixos que con tanto cariño facías
Aquel neno que aínda se lembra do teu sorriso de muller labrega

E agora son o que fago as palabras para meter no medio do pan da voz
E que nunca, e que nunca,
O silencio faga esquecer as cousas que tanto quixemos

Maxi Rei

A vocação da poesia

Tudo que anseia regressar.
Nada do que nos chega sem sofreguidão.
O cansaço dos astros, o abandono da tarde.
A lembrança sem remédio.
A hora antepassada, a dor futura.
A adivinhação dos instantes.
Tudo que anseia regressar.

Luciano Maia
Fortaleza (Brasil)

Haikus

A natureza é fonte de inspiración clásica dos haikus, poemas que teñen unha medida fixa de dazasete sílabas distribuídas en tres versos de cinco, sete e cinco sílabas. Esta medida adaptase moi ben a línguas que, como o xaponés ou mesmo o inglés, teñen unha gran cantidade de palabras que se pronuncian nun golpe de voz único. Na temática, os haikus, inspirados no budismo zen, teñen á natureza e as súas variacións como fonte inesgotábel de inspiración. Ou sexa, que para que unha estrofa de tres versos e dazasete sílabas sexa un haiku e non calquera outra cousa, a temática ten que se cingir á celebración da natureza. Os sentimentos como a violencia e o amor (considerado como unha forma de violencia) están, pois, vedados como temática posíbel dun haiku. Para min teñen como importancia o seren exercicios de contención capaces de transmitir nunhas poucas palabras o abraio que se sente diante da natureza e as súas marabillas.

Van a seguir tres haikus propios e aqueles que os alumnos compuxeron no Obradoiro de Microliteratura organizado pola Concellería de Xuventude e Normalización Lingüística do Concello de Betanzos en Xullo de 2005, que tiveron a honra de partillar.

I
Un gran carballo
Estendendo as pólas
O lago treme.

II
Na primavera
Cando agroman os bambús
O vento canta.

III
Chega o outono
O salgueiro chorón
Bica o lago

Xavier Queipo

Chega o outono
amarelando o chan
a vida durme

Antón e Luis

Chega o outono
as follas rolan no chan
brúa o vento

Pilar

Chega o outono
a última flor caeu
cando as bágoas

Tita e Henrique



Ilustración: LUIS OTERO

*"J'oublie, j'oublie toujours
que j'ignore le chemin
et que je n'ai pas de cheval ailé"*

Rabindranath Tagore

alguma coisa vem
e é mistura
e é metade grave
metade, imatura

nenhuma solução
nenhuma apenas chave
de torre alta e pura
de escura e funda cave


na interminada busca
no atravessar do muro
só a incerteza cabe
inteira. Sou a prece
o canto a peregrina
cansada da viagem
- a última e a primeira

(e rezo e ajoelho, Jerusalém de mim)
detrás do alto muro
aos desertos, às miragens
areias escaldantes
- Jordão sem cor nem margens -
e a torre de marfim

e rezo e ajoelho Jerusalém de mim

já rotas nas areias
as botas caminhanter
o nada já futuro
e tudo-nada o dantes

Maria Virgínia Monteiro
21-04-05



Maria de Lourdes

A Manolo Fernández

A pétrea Compostela de granito
com suas praças, ruas, soportais
desperta em mim, por causas pessoais,
a sensação telúrica de um mito.

Os anos que passei celeremente
naquela austera e mística cidade
com meu amor, em plena mocidade,
estão de pedra e cal na minha mente.

Evoco-a nos salões da Rosaleda
e sob os velhos choupos da Alameda
em toda a sua céltica beleza.

Sorrindo meigamente, à portuguesa,
nunca talvez se visse em Compostela
rosto tão lindo e alma como a dela!

Ilustración: OLAIA

João de Castro Nunes

Do petróleo do "Prestige" ao formigón e os campos de golf

Antón Fafián Porto

O dezanove de novembro cumpriuse o terceiro aniversario do afundimento do Prestige que afectou maioritariamente a costa galega e en menor medida a portuguesa e francesa.

Logo deste tempo, a mellora visual da nosa costa é evidente aínda que baixo os penedos, nos cantís e nas praias aínda quede moito chapapote. Algunhas cousas máis mudaron, entre elas os gobernos que mandaban na época e que foron responsables das ordes dadas durante eses días para xestionar a crise.

A día de hoxe, pescadores e mariscadores quéixanse dun descenso das capturas pronunciado e constante nestes tres anos, aínda que afectando de xeito diferente segundo as especies; chegando nos casos máis graves á práctica desaparición.

Aos efectos ambientais inmediatos e futuros sobre o medio e sobre as xentes que loitaron contra o fuel compre engadir os sociais: moita xente tivo e ten que emigrar para

sostela familia; e son as illas Canarias ou as Baleares os destinos maiormente escollidos.

Pero un fenómeno está a multiplicarse nos derradeiros anos: a proliferación de proxectos urbanísticos en toda a nosa costa.

Segundo comentan nos medios os entendidos, ao fenómeno sobradamente coñecido do «feísmo urbanístico» (por non chamarlle «vista gorda municipal» ou «ti fai o que queiras... namentras non te denuncien os veciños...») estáselle a sumar agora o das urbanizacións, nuns casos engadindo campo de golf e a maiores, incluso porto deportivo se deixan... Hai quen relaciona este fenómeno indirectamente coa masiva chegada dos voluntarios para a recollida do chapapote que deu a

coñecer zonas do litoral que previamente eran cáseque descoñecidas polas guías turísticas. Algúns voluntarios chegaron a mercar pisos, casas...que antes levaban anos sen ter a quen vender os veciños aínda que os precios eran baixos comparados con outras zonas do país. En pouco tempo non quedaba practicamente nada a venda nas vilas afectadas polo "Prestige".

Pero o escaparate que supuxeron os medios de comunicación para as nosas costas e o

boca a boca dos voluntarios falando de lugares case virxes, sen masificacións, cunha gastronomía incomparable incrementaron o interese dalgúns sectores que ata entón optaban preferentemente pola costa mediterránea e andaluza e que xa empezan a estar máis que masificadas e estragadas.

Se a isto sumamos a rapidez da comunicación coa meseta pola finalización das autovías, é a nosa terra un obxectivo máis que

apetecible para as grandes inmobiliarias e constructoras. Dende logo o fenómeno non é novo, lembro que no ano 1999, a unha compañeira de facultade, ao rematala carreira, ofreceranlle un traballo a través dunha empresa de traballo temporal que consistía, máis ou menos, en ir polos concellos da costa de Galicia recopilando datos municipais ata onde legalmente puidese de terreos para urbanizar, solares... a empresa era de Madrid.

O Colexio de Arquitectos de Galicia leva tempo denunciando a pasividade que as autoridades están a ter coas infraccións urbanísticas: «estamos a acabar coa Galicia idílica».



PRAIA DE LAGOSTEIRA (FISTERRA) UN DOS PUNTOS DA COSTA DA MORTE ONDE ESTÁN PROXECTADAS URBANIZACIÓNS



VOLUNTARIO LIMPANDO FUEL. FOTO JOSÉ CASTILLO

Greenpeace denunciou nun informe sobre a destrución das costas españolas que no caso galego estase a importar o modelo desenrolista do Mediterráneo...corrupción-urbanización-campo de golf-porto deportivo-corrupción...no anterior goberno había un plan para chegar en Galicia a 14.000 amarres en dous anos; non sabemos aínda se este plan se paralizou, a náutica deportiva pode ser importante pero haberá que axustar a oferta, poñer un límite.

O Goberno bipartito está disposto a aplicar a Lei de Ordenación Urbanística para poñer coto á desfeita paisaxística do noso litoral a través da Dirección Xeral de Urbanismo. Pretende demoler as edificacións ilegais situadas a menos de 200 metros da costa e sobre as que caeron xa numerosos expedientes de sanción. Fálase de ampliar a franxa de protección nalgúns zonas a 500 metros segundo a situación dos lugares e a súa conservación algo que xa propuxera o anterior goberno autonómico entre Corcubión e A Mariña lucense. Veremos se non son palabras baleiras.

Agora ben, os concellos usan os novos plans xerais de urbanismo ou as recalificacións de solo como instrumentos para evitar as demolicións e evitar así o pago das correspondentes indemnizacións que nalgúns casos son herdanza de gobernos municipais corruptos anteriores. Se a isto sumamos o feito de que os concellos deben prestar cada vez máis servizos aos cidadáns sen recibir financiamento de administracións superiores formase un círculo vicioso xa que as licencias de construción son unha boa fonte de ingresos para municipios e para algúns «petos».

Na década dos noventa a urbanización do territorio español subeu nun 25% namentras a poboación facíao nun 5%. A superficie construída na costa galega, o 15,8%, supera a media española cun 13,1; e no caso de Pontevedra cun 25,1% incluso superamos a Castellón cun 23,5%, Granada co 14,3, Murcia co 13,6 ou Almería co 13,5%. o desequilibrio é claro e a necesidade de recursos

non deixa de medrar: auga, enerxía, materias primas, e namentras cidades como Vigo, A Coruña ou Ferrol seguen a verter as augas residuais sen depurar ao mar que nos alimenta.

En canto a economía e segundo un informe da consultora Deloitte para Exceltur, Alianza para a Excelencia Turística, que agrupa as grandes empresas turísticas, o auxe inmobiliario na costa amenaza o futuro do turismo. Está demostrado que a capacidade de xerar actividade económica e emprego estable é menor en aloxamentos residenciais que nos aloxamentos reglados. Actualmente hoteles, campings e apartamentos turísticos de aluguer, xeran en promedio dez veces máis actividade e cáseque once veces máis emprego sostible ao longo do tempo.

No verán abrías o xornal o domingo e eran incontables os anuncios de futuras urbanizacións na costa: a empresa Coinasa constrúe en Cedeira, en primeira liña de praia; Vallehermoso de Madrid xa mercou terreos en Miño; outra madrileña, Lábaro en Muxía, Cee e Fisterra...; Fadesa en Miño, Laxe...; en Corcubión e Malpica centos de apartamentos en primeira liña; en Cee varias empresas de Elche queren facer unha urbanización de luxo máis un campo de golf e xa teñen terreos tamén en Corcubión, Fisterra, O Pindo, Carnota...; en Camariñas tamén pretende facerse unha urbanización de luxo con campo de golf... a lista non remata, e os casos de corrupción e irregularidades non fan senon comenzar en Muxía, Sada, incluso xa con atentados e ameazas as persoas que se opoñen como aconteceu este mes de novembro en Nigrán onde queimaron o coche dun concelleiro do BNG que denunciou unha tala ilegal nun monte co obxecto de «pegar un pelotazo».

Sabias palabras as do profesor Andrés Precado Ledo nun artigo sobre o feísmo no litoral (26-V-2005) publicado na *Voz de Galicia*: «...De seguires así, e nada fai pensar que vaia a cambiar, os que nos sucedan xa non poderán gozar da autoestima territorial que nós disfrutamos, e que nos fixo sentir orgullosos do noso país. E esta xeración de dirixentes e profesionais imbuidos no neodesenrolismo non poderán eludila súa responsabilidade...» Isto foi antes das eleccións, veremos se nisto serviron de algo, a esperanza é o último que se perde e polo que se ve os novos dirixentes parecen ter algo máis de sensibilidade con facer cumprila normativa urbanística e a protección da Natureza. O tempo dirá se mereceron a confianza. E por rematar co que escomenzamos, non podemos esquecer que a conta atrás para outro afundimento xa comezou e os medios son practicamente os mesmos que antes do afundimento do Prestige, coa salvedade da experiencia gañada e a cohesión social que nunca antes viramos nesta terra. ▀

O Alto Xestoso (Monfero)

**Xosé María Veiga Ferreira
Juan Sobrino Ceballos**

O territorio do Alto Xestoso abarca a parroquia actual de Santa María. A división parroquial sufriu variacións ó longo do tempo. Así, antigamente había tres parroquias que comprendían todo o territorio de Xestoso: Santa Baia de Dureixa, Santa Baia de Xestoso e Santa María de Vilachá, todas elas dependentes do mosteiro de Monfero. En 1263, Don Munio, bispo de Mondoñedo, unificou estas parroquias nunha soa que se chamou de Santa María. Con esta división chegou ata 1896 en que se dividiu de novo o territorio entre Santa María e San Pedro, que é a división que se conserva actualmente.

Estas modificacións parroquiais sempre trouxeron controversias: aínda se recordaba en Carballo Torto un paisano que estaba en contra da división parroquial e por conseguinte do novo cemiterio, botando impropiedades contra os que alí se enterrasen. A providencia xoga a veces malas pasadas xa que foi el mesmo quen estreou o novo camposanto.

O Catastro do Marqués de la Ensenada de 1752, delimita o lugar de Xestoso:

«Linda principiando por la parte del L en el marco dalova, de allí al marco de la pia de Jove, de allí al marco de Curra, de allí al río de Caneiro, de allí al sitio de las vigas delagares, de allí alacortella de allí al puerto de Viga, de allí al marco de Peña feza [Feixa], de allí a Pico de Vales, de allí al Marco de Ferreiros, de allí va con el camino Real de la Ciudad de Betanzos para la de Mondoñedo hasta el referido Marco dalova primera demarcacion»

Para unha mellor localización dos lugares ou aspectos salientables realizamos un itinerario que comezaría na Feira do Dez, e a chamada Ponte Vella do Dez sobre o río Frei Bermuz –o nome que fai referencia a un dos cofundadores do mosteiro de Monfero en 1124–. O camiño que temos diante de nós é o que na época medieval era coñecido como o camiño francés, que recolle Elisa Ferreira Priegue nos camiños medievais de Galicia:



«...en esta dirección por el llamado Camino de los Franceses, por Abeleira, en el valle de Gestoso, donde el río se cruzaba por un porto que en 1164 se llamaba de Maceneira y en 1228 ya se llamaba de Froyla Veremundi...»

No ano 1164 o río cruzábase polo «porto» de «Maceneira» –posiblemente fosen uns pasos–. En 1228 hai xa constancia na documentación da existencia da ponte de «Froyla Veremundi», que é a ponte medieval que hoxe coñecemos. A ponte orixinaria posiblemente fose de madeira. A actual é de sillería cun solo van con arco apuntado, que seguramente sexa do século XV ou XVI. Tivo en orixe peitoril de pedra que por mor de ensanchala derrubouse e colocóuselle, con dudoso gusto, unha calzada de formigón cunha barandilla de ferro. Ó lado da ponte hai unha carballeira onde se celebraba a Feira do Dez, de moita sona na comarca. A ela viñan co gando xente de Xermade, Irixoa, Aranga, Paderne, etc. Se un se para o tempo suficiente aínda pode escoitar como un susurro nos trae aquelas pezas desgarradoras que saían do acordeón de *Felito* envoltas nos últimos tratos da Feira do Dez. Cóntanos Valentín que

«Aquello estaba cheo de casetas para o gando e outros trebellos para a mercancia. Era moi importante esta feira e sempre había moita xente. Si o contas agora aos rapaces, non o cren»

Despois de cruzada a ponte, o camiño francés subía por Maceira, Dureixas, Ferro, Carballo Redondo, Curra, Piñeiro, Sanche, Cabeza dos Fornos e Bidueiral para Roupar, de onde saía o ramal de Vilalba.

A estrada actual lévanos ó lugar do Ferro, onde se atopa a Capela de San Cosme, que foi igrexa parroquial a mediados do século pasado. A fábrica da capela é dunha soa nave con cuberta a dúas augas con muros de cachotería. A espadana é de construción posterior á igrexa. Hai que destacar a solución de descarga que protexe o dintel da

ARRIBA, CRUCEIRO DA ESCOITADOIRA



ARCO TRIUNFAL EN MADEIRA NA CAPELA DE O FERRO

porta principal. Segundo parece, nos libros de fábrica sinalábase a obrigación dos veciños a reparar a capela, obrigación que se veu cumprindo ata o de agora.

No interior chama poderosamente a atención o arco triunfal que se comeza en pedra e remata en madeira. Curiosa solución que en absoluto desmerece, máis ben ó contrario, xa que lle dá un aire acolledor en fiel relación coa cuberta interior.

Celébrase a romaría de San Cosme (e San Damián) o último fin de semana de setembro, que segundo nos dixeron é avogoso para todo tipo de enfermidades, mostra diso son a boa cantidade de exvotos que se ofrecen ó santo. Antes de facer o embalse e de cambiar todas as festividades para os fins de semana, os asistentes á romaría do San Cosme ó día seguinte encamiñábanse co gando ó veciño lugar de Lagares onde se celebraba o San Miguel. No Ferro celébrase tamén a festa de Santa Bárbara no mes de decembro, festa que foi recuperada hai uns anos.

«Santa Bárbara, ampara o pan e ampara o viño, e ampara ó meu homiño que vai polo camiño»

Se deixamos o camiño francés e collemos para a esquerda, atopamos ó remate da subida o cruceiro de *Pena Furada* (tamén coñecido como o do *Toxal* ou do *Tío Miguel*) no medio do descampado. Colocado sobre unha rocha natural, consta dunha pedra de pizarra e enriba unha cruz de ferro. Aquí, segundo o Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos (realizaron un inventario dos

túmulos do Concello de Monfero no *Anuario Brigantino* de 2004), había unha mámoa que foi destruída e enfronte do cruceiro no monte de Armada quedan aínda tres, pero en moi mal estado.

Seguindo este camiño imos dar á Cruz de Gaspar ou da Rula, case tapada polas silvas, ó lado do antigo salón de baile nunha encrucillada de camiños. A cruz é de ferro e ocupa o lugar doutra, posiblemente desaparecida, de pedra. O salón, lugar de pasados divertimentos acóllenos sen teito e coa pista de baile cuberta por un grupo de árbores mestas que semellan danzantes que quedaron así froito dalgún meigallo.

Desviándonos á esquerda e pasando o cemiterio novo, imos dar ó lugar do Cruceiro. Alí está o coñecido como o *Cruceiro Roibo* ou de *Porto da Pena*, que é unha cruz típica de encrucillada de camiño, monolítica de granito que segundo din «Fíxo a un portugués que casou aquí. Dicían que os portugueses ó casar fóra podían facer un cruceiro». Hai pouco tempo tirouna unha vaca e puxérona de novo, pero está bastante torcida.

Se seguimos polo mesmo camiño imos dar ó *Cruceiro da Escoitadoira*, unha peza granítica case sen labrar e cunha imaxe do Cristo crucificado en baixorrelevo. Se nos fiamos pola inscrición que aparece na fronte foi realizado en 1910 a instancia de un tal José Sanmartín.

Entre estes dous cruceiros está o lugar de Vilachá no que aínda podemos ver catro mámoas en moi mal estado.

Dando volta, collemos o camiño que vai para a igrexa parroquial de Santa María de Xestoso. É un edificio amplo, acorde coa súa preeminencia en



CRUCEIRO DA PENA FURADA



MÁMOA DE XAN REI

tempos pasados. Non hai que esquecer que a partir de 1263 o bispo de Mondoñedo unificou as parroquias existentes ata daquela, que eran: Santa Baia de Dureixa, Santa Baia de Xestoso e Santa María de Vilachá. Isto aconteceu seis anos despois de que pasase a pertencer ó mosteiro de Monfero (segundo documento de 1257).

O edificio actual é dunha única nave a dúas augas con tellado de lousa. No exterior destaca o amplo pórtico e os muros de cachotería do edificio. Sufriu varias reformas ó longo do tempo, unha das máis importantes foi o alongamento da capela maior en 1706, como consta no *Libro de Fábrica*.

A igrexa pertenceu ó mosteiro de Monfero ata o s. XIX. Así, en 1815 hai unha demanda do mosteiro por facerse enterramentos dentro da capela maior sen licencia. Segundo Couceiro Freijomil, cando se fixo a exclaustación do mosteiro en 1820 levouse para esta igrexa unha cruz de prata procesional.

Ó pé da igrexa hai un cruceiro cunha inscrición coa data da súa construción en 1818. Destacan as figuras da cruz, expresivas, de canón corto, e na que destaca a do Cristo que aparece representado vivo, esculpido moi separado da cruz.

Próximo á igrexa de Santa María está o lugar de «*Graña da Igrexa*», que seguramente se refire á antiga granxa de Xestoso, a que se coñece xa nun documento de 1239, en que foi cedida polo mosteiro de Sobrado ó mosteiro de Monfero.

A PONTE DO DEZ.
Fotos Veiga.



Saímos do núcleo e dirixímonos cara a estrada principal ou o antigo camiño francés que vai por Vilar, O Campo e Pé da Serra. Entre estes dous últimos está o lugar coñecido como o «Pozo do ouro»:

«*Na noite de San Xoán sentíase tocar música e oíanse cantos. Era cousa do demo*».

Na proximidade están as murallas do Pé da Serra, formacións rochosas naturais, pero un arribo ou muralla que se destaca nun extremo delas semella feito pola man do home. Segundo din: «*foron feitas polos Mouros*». «*Foron feitas polos celtas*». «*Antigamente nas murallas había subterráneos, pasábase dun sitio a outro por embaixo*». «*Os Castelos quedan a 100 m do Castelo, seique os fixeron os mouros*».

Hoxe o lugar está bastante cambiado, xa que foi costume dende hai tempo quitar pedra para as edificacións da zona. O conxunto do Pozo do Ouro e do Pé da Serra pódenos mesmo levar a pensar nunha posible explotación aurífera de época romana.

Subindo á esquerda está a coñecida como «Pena dos Soldados». «*Chámase así segundo contan os vellos porque alí houbo un campamento de soldados fai moito tempo*». Parece ser que esta pena foi un lugar moi usado para agocharse os fuxidos.

Chegados á estrada principal, collemos á dereita, e en dirección ó punto de partida. A pouca distancia está a «Mámoa de Xan Rei» (nun prado cuberta de pinos). Un pouquiño máis adiante collemos unha desviación á esquerda que nos levará ó Serrón do Lobo, xa no límite da provincia con Lugo, onde está o Parque Eólico de Sotavento. Antes de chegar, na Portela de Abelleira hai unha mámoa, e no mesmo parque hai outras tres que aparecen demarcadas por estruturas de madeira.

De volta á estrada principal, chegamos a Carballo Redondo, onde hai unha cruz de lousa sobre un balado. Se seguimos recto volvemos á capela de San Cosme e de alí de novo á ponte e á Feira do Dez.

Non hai que esquecer a ermida de Santa Baia, que aínda que é unha construción moderna hai referencias documentais moi antigas dela. No interior gárdase unha parte dun retablo dunha Virxe do Leite que provén do mosteiro de Monfero. Hai pouco tempo no seu exterior atopouse un ara romana (hoxe no Museo das Mariñas). A pouca distancia da ermida de Santa Baia está o castro de Sixto («Os Castros») e no lugar denominado «Pico da Meda», dúas medoñas.



Cen anos do Centro Betanzos

A.C. Eira Vella

O día 5 de decembro do presente 2005 o Centro Betanzos de Bos Aires conmemora o seu centenario. Mellor dito, o colectivo betanceiro emigrado celebra o centenario da súa organización como tal. Chamouse de primeiras "Hijos de Betanzos". Houbo logo, nos anos vinte e trinta, outros colectivos como o "Centro Social Betanzos", "Hijos de Requián y Piadela" e "Centro Cultural Betanzos". Todos eles conformarían en 1946 o "Centro Betanzos".

De 62 socios fundacionais de "Hijos de Betanzos", a colectividade foise ampliando a varios centenares. O Centro Betanzos acadou o seu maior número en 1956 cun total de 1.024 socios. Na actualidade, logo da paralización de saídas á Arxentina e os regresos provocados pola mala situación económica do país e a desaparición física dunha masa social cada vez máis envellecida, conta con 481, moitos deles arxentinos descendentes de betanceiros.

Dende o primeiro presidente, Luis López Páez, foron varios os que repetiron mandatos, caso de Óscar Dans, José L. Rifón, Enrique Sónora, Andrés Beade, Osvaldo Dans e a actual Beatriz Lagoa, a primeira muller que desempeña este cargo.

A colectividade betanceira xerou a súa propia prensa. Dende a revista *Las Mariñas*, dos anos 1910 e 1911, á revista *Betanzos*, pasando pola tamén denominada *Betanzos* do Centro Cultural Betanzos e a do Centro Social Betanzos, con este nome. Estas últimas editábanse cada ano, coincidindo coas Festas de San Roque. Nalgunhas épocas, especialmente nas décadas 40-60, tivo importantes contidos e mesmo foi unha referencia nos anos

do franquismo para os veciños aos que chegaba clandestinamente.

Foron varias as sedes da colectividade betanceira: da inicial na rúa Victoria, 700, pasou á rúa Bolívar, 173. Na rúa Lima 733 estaba a sede do Centro Social Betanzos, e dende 1933 a ampla casa señorial da céntrica rúa México 1660 foi a sede dos betanceiros. Na actualidade, e dende 1990, conta cunha sede (propiedade do Concello de Betanzos) na rúa Venezuela 1536/36.

Entre as actividades sociais desenroladas están a recreación das festas populares (Entroido, Madalena) e das patronais betanceiras (San Roque e Os Caneiros), os picnics ou romarías campestres e os bailes, que contribúan a relacionar e cohexionar o colectivo de betanceiros emigrantes.

O seu compromiso coa cultura galega está patente a través da Coral Os Rumorosos (unha das

máis importantes que existían na emigración), os grupos de danzas e baile galego, clases de lingua galega, conferencias, publicacións de algúns libros e folletos: conferencia de Rodolfo Prada sobre Faraldo, Betanzos honra a sus mártires, libros de Lueiro Rey e Carlos Penelas.

Tamén o compromiso coa democracia e coa causa da II República española derrotada polo fascismo. O Betanzos será un dos baluartes antifranquistas entre as entidades da emigración, homenaxeará aos mártires betanceiros do 36, acollerá a exiliados non só do franquismo senón tamén das dictaduras sudamericanas.

O compromiso galeguista, patente nos anos do exilio arxentino de Castelao e, especialmente, na etapa de Suárez do Pazo como presidente, supón a participación activa en actos conmemorativos e celebracións patrióticas como o aniversario do Plebiscito de Autonomía, dos Mártires de Carral, do Día de Galicia, do axustizamento de Pardo de Cela, homenaxe a Antolín Faraldo, nomeamento de Castelao como presidente de honra e dedicación dun busto á súa morte.

(Datos procedentes do traballo O "Centro Betanzos" de Bos Aires. Cen anos de vida, 1905-2005, publicado por Xesús Torres Regueiro no *Anuario Brigantino*, nº 27, 2004).



DURANTE MÁIS DE MEDIO SÉCULO ESTE AMPLIO E CÉNTRICO EDIFICIO (NA RÚA MÉXICO, 1660) FOI A SEDE DA COLECTIVIDADE BETANCEIRA EN BOS AIRES.



No centenario do seu promotor Oliveira Guerra e a *Céltica*

Xesús Torres Regueiro

"...Celtas perdidos nas brumas da memoria"
Oliveira Guerra

Aproveitando o centenario do nacemento de Manuel Oliveira Guerra (Oliveira de Azemeis, 1905-Porto, 1964) queremos chamar a atención sobre este home, auténtico namorado da Galiza, e sobre a súa obra de aproximación cultural entre os pobos galego e portugués que, por historia, cultura e lingua común nunca deberan darse as costas e si ollarse de fronte, fecundando mutuamente a semente das orixes comúns. Centenario o deste grande amigo da Galiza, creador da revista *Céltica*, que case está a pasar inxusta e completamente esquecido entre nós. Apenas unha urxente nota de lembranza que lle dediquei no semanario *A Nosa Terra* e un traballo de Concepción Delgado no *Anuario Brigantino* que ven de aparecer, foi todo o que vimos ata o momento. E teño que dicir que o meu coñecemento de Oliveira Guerra e a súa obra chegoume moi recentemente e un pouco de rebote, por intermedio da súa propia filla, a poeta María Virgínia Monteiro, a máis interesada na vindicación de seu pai, que hai pouco nos visitou en Betanzos e nos forneceu máis información da xa exhaustiva que nos enviara por correo. Ademais, combinamos para que a través da Asociación Cultural Eira Vella, editora desta revista, se distribuíse na Galiza o pequeno fondo remanente daquela engaiolante aventura editorial que foi a *Céltica* "Cadernos de estudos galaico-portugueses".

Entre nós botamos en falta a Oliveira e, aínda máis a revista que creou e nos fai seus debedores, en publicacións e obras de consulta nas que non debera faltar: enciclopedias, manuais e catálogos de publicacións literarias, etc., algúns ben recentes. Ingratidade e desleixo son as palabras que se nos ocorren.

Céltica cítase a veces erroneamente como *Céltiga*, quizá porque este título ten máis sona nas nosas letras. Lembremos a colección así titulada

que se publicou nos anos vinte ou a revista que se facía na emigración arxentina tamén por eses anos. E porque *Céltica* non é suficientemente coñecida. Máis Oliveira chamoulle *Céltica* pois Oliveira sentíase céltico, integrante e descendente dun territorio e cultura que quizá se corresponda coa antiga Gallaecia. Para el, a Galiza era unha continuación natural das súas terras durienses.

Manuel de Oliveira Guerra naceu en Oliveira de Azeméis (concello tamén do famoso novelista Ferreira de Castro, de quen visitamos recentemente

a súa casa natal en Ossela), fillo dun operario vidreiro da Marinha Grande que se instalou como industrial do ramo naquel concello. Curiosamente, a serea da fábrica de vidro "escoitase" (escóitaa o emigrante que parte) no romance *Emigrantes* de Ferreira. Dende a infancia Oliveira viuse acometido por unha doenza ósea que obrigou ao seu internamento nun sanatorio. No establecemento sanitario pasaría varios anos da infancia e xuventude, realizando alí algúns estudos, publicando poemas, redactando un pequeno xornal e entrando en contacto coa cultura galega da que ficou enormemente apaixonado a través da lectura de xornais galegos que alí lle chegaban. Rosalía moi

especialmente (retratos seus figuraban na súa casa en sitios de honra), Curros e outros escritores galegos formaron parte das súas leituras e devocións.

Casou novo Oliveira e chegaron catro fillas unha tras doutra. Ademais, o traballo na fábrica, as viaxes por Europa e América do Sul, a posterior desaparición da empresa da órbita familiar, o verse desherdado e a obrigada dedicación ao comercio para subsistir... fixeron que a literatura e a paixón galega fican adormecidas durante anos. Tivo que ver tamén o escándalo que provocou e o disgusto familiar polo seu primeiro poemario *Padre Nosso*, na liña crítica de Guerra Junqueiro e quizá do noso Curros.



Establecido no Porto cun comercio do mesmo ramo que a fallida empresa familiar, foi esta actividade a que mantivo o resto da súa vida. Só nos últimos anos voltou á literatura publicando en edición de autor varios libros, comenzando pola reedición da súa "escandalosa" obra prima e seguindo polo poemario *Ave Maria*, os contos de *Caminho Longo*, os poemarios *Algemas* e *Coisas desta negra vida*. Son os anos tamén da súa dedicación a Galiza, coa creación en 1960 do Círculo de Estudos Galaico-Portugueses, que non pasou de proxecto ben intencionado, e o gromo deste: a revista *Céltica*, Caderno de Estudos Galaico-Portugueses.

Autor de escritura límpida, alleo ao artificio, el mesmo era transparente como os vidros da súa tenda (en expresión do seu amigo Listopad), toda a súa pretensión literaria estaba en deixar os seus libros "nos estantes de meia dúzia de amigos". Non foi, certamente, Oliveira Guerra un poeta de primeira fila nas letras lusas. El mesmo era consciente diso:

Eu sei poeta, que não lograrás
matar a fome negra com o talento
e que, por certo, un dia morrerás
imerso num profundo esquecimento.

Mas também sei que, se o Destino faz
mercê a alguém dum bem de que é avaro,
dessa mercê mal digno tu serás
se lhe não deres emprego e valimento.

Trabalha a tua língua con fervor
que, embora tarde, um dia o teu valor
há-de ser tido como maravilha.

... Se um diamante se perder na estrada,
há-de encontrá-lo mão aventurada,
porque entre as pedras negras ele brilha.

Semella apropiado á súa persoa o soneto que escribiu súa filla Maria Virginia co título *D. Quijote* e que comeza así:

Nunca serás dos escolhidos, dos primeiros
(dos bem amados senhores do Absoluto!).
Vestido chegas de saudade, por janeiros,
e arrastas longos teus farrapos e o teu luto.

Os derradeiros catro anos de vida de Oliveira Guerra son os de relanzamento e realización de case toda a súa obra literaria e cultural. No medio dese afán, e afectado por incompreensións e desidias alleas, vai morrer subitamente no Porto o 5 de xuño de 1964 aos cincoenta e nove anos.

Maria Virgínia está empeñada no rescate literario do pai, editando recentemente algúns dos inéditos co título *Esta cidade que eu amo*, homenaxe ao Porto, e *Escritos. Dois contos. Alguns poemas*.

Foron catro os números que apareceron de *Céltica*, apenas coa variación da cor da súa capa, entre 1960 e 1963. A súa peculiar estética incluía a falla de data e numeración e unha paxinación continuada nos catro números, como unha especie de obra en proceso, facendo un total de trescentas trinta e seis páxinas. Tampouco contaba con publicidade nin figuraba ningunha caste de axuda oficial. O enderezo da revista era o propio domicilio de Oliveira, imprimíndose tamén no Porto, na Escola Tipográfica da Oficina de S. José. A revista era moi devedora dos intereses, relacións e amizades do seu coordinador. Se ben, pola parte galega Oliveira accedeu a un grupo de autores novos que terían grande transcendencia na nosa literatura, non foi ese o caso polo que respecta á parte portuguesa. Esta eiva foille botada en cara por algúns dos seus compatriotas, que o acusaron de personalismo, ferindo a sensibilidade de Oliveira que ficou magoado por esta incompreensión. Entendemos que, dalgún xeito, a *Céltica* viña continuar a iniciativa de *4 Ventos* «Revista lusíada de literatura e arte», publicada en Braga entre os anos 1954 e 1957 cunha dirección compartida galaico-portuguesa-brasileira. Nas dúas están presentes os Carré e Manuel María, por exemplo.

A literatura galega está presente en *Céltica* cos amplos estudos de Hugo Rocha (xornalista e autor de dous libros sobre Galiza) sobre os poetas do noso Rexurdimento (Rosalía, Pondal, o precursor Añón) e da época das Irmandades da Fala (Noriega Varela, Cabanillas). E, ben baixo os rubros "Poetas de Galiza e Portugal" ou "Prosadores de Galiza e Portugal", nas colaboracións dunha boa nómina de autores contemporáneos da revista: os irmáns Lois, Uxío e Leandro Carré Alvarellos (con estudos diversos sobre aspectos da cultura galega, a novela e o teatro), Avelino Abuín de Tembra, Manuel María (que ve publicado aquí o *Auto do Mariñeiro* nunca máis editado), Pura Vázquez («a menina bonita de Ourense») e a súa irmá Dora, Xosé M^a Álvarez Blázquez, Xohana Torres, Antón Tovar, Enrique Chao Espina, Álvaro Paradela, Isidro Conde (traducido ao portugués do seu español orixinal), Victoria Armesto, Xosé Díaz Jácome, Henrique Massó..., a maioría deles con textos poéticos. Ademais de recensións de obras de Celso Emilio Ferreiro, F. Javier Carro,... ou a que fai Novoneyra de María Mariño Carou. En castelán publican textos en prosa Dora Vázquez, José Antonio Novais, Diego Bernal, Manuel V. Peña e en verso Pura Vázquez e Miguel González Garcés.

Outra presenza é a dos pintores galegos Pesqueira e González Collado, dos que se reproduce obra, aínda que o ilustrador -digamos oficial- da revista é o catalán Marginet, residente no Porto e autor das xilografuras que ilustran algúns dos fráxiles encartes en paper de cor que acompañan os volumes.

Repetidas vezes visitou Galiza este seu amante portuense, percorrendoa de sul a norte. Adoitaba pasar coa súa dona tempadas nas augas de Guitiriz, onde coñeceu a Xosé Díaz Castroverde, a quen dedicou un poema, dos varios de tema galego que escribiu, algúns tributados a Betanzos, A Coruña, as Rías Baixas, Santiago... Falouse de recolellos no agarimo dun libro, mesmo se citaron os títulos de "Maruxa" e "Terra Nai", mais o certo é que Oliveira morreu sen que ese libro adicado á Galiza tomase forma. Quizá algún día ainda vexa a luz. Sería unha boa forma de corresponder ao amor e dedicación abnegada que **Oliveira Guerra** consagrou á nosa terra. Reproducimos a continuación, como mellor homenaxe, o poema "Galicia" (que nos fai lembrar un de Teixeira de Pascoaes) e o que dedicou á nosa cidade, Betanzos, que terá de engrosar algún día unha nova edición de "Betanzos na voz dos poetas".

Galicia

A D. Jose Díaz Castroverde

Senhora e Camponesa,
eu beijo a tua mão fidalga e pobre...
A fidalguia tem-l'a no espírito
e a pobreza no traje que te cobre...

Senhora e Camponesa,
cavando a terra de dia
e á noite dizendo versos doloridos
da triste Rosalía...

Senhora e Camponesa,
ganhando um pão mal pago
e à luz da lua branca vagueando
nas ruas de S. Tiago...

Senhora, Senhora minha,
rendo-me a ti,
que outra mais bela e nobre e humilde e casta
eu nunca vi...

Eu sou o enamorado cavaleiro
por quem passou a Vida indesejada
e que chegando ao termo te encontrou,
doce visão encantada,
e encantado ficou...
Eu sou o cavaleiro enamorado
que não pode viver outra vida
além da que viveu sem ter parado,
porque se outra vivesse, eu, por quem sou,
eu juro: A viveria para ti,
porque mais bela e nobre e humilde e casta
Senhora, eu nunca vi...

16.2.958

Noiva do mar


Betanzos, noiva do Mar
A quem o Mar fugiu...
Tira o vestido branco de noivado
Que não serviu
E guarda-o na arca velha da família
Num desses palácios opulentos
Onde os minutos da história
Bateram lentos

Betanzos, mira o seu ceptro
Que está no seu escrínio de princesa
Que há muito foi destronada
Há muito sem realza

Betanzos, de fronte erguida
No jeito de quem usou coroa
Julgando que nas abóbadas
A marcha das trombetas índa ecoa

Betanzos, de olhos distantes
Num sono vago e perdido
Um sono azul diluído
Em roupagens flutuantes
Betanzos sonhando branca
À luz branca do luar
O nobre reino perdido
Perdido o Reino do Mar

4 de Outubro de 1959



Pérez Porto

artista da cerámica

Suso Torres

En Sada, na parroquia de Osedo, a mesma onde se asenta o complexo de Cerámicas do Castro, atópase a morada familiar e o obradoiro do máis importante ceramista galego de tradición culta: Xosé Francisco Pérez Porto. Unha casa que temos visitado en varias ocasións e na que sempre somos recibidos con agarimo e atencións polos seus moradores (a filla Uxía, a compañeira Manola, a nai desta e o irmán, alén do propio Xosé Francisco), hospitalidade que coido exercen con toda persoa de ben que alí se achega. Á beira da casa que, para calquer viaxeiro atento que non se limite a pasar velozmente no vehículo, amosa na fachada como elementos ornamentais vestixios da actividade ceramista do artista, ten instalado o seu obradoiro cun forno especial no que o propio Xosé Francisco coce as súas pezas, algunhas de grande tamaño e mesmo articuladas.

Xosé Francisco é fillo de Pérez Parallé, o «poeta azul» de Ferrol, autor dunha poesía leda e cantareira, lizgaira como o asubío do merlo, que gañara uns Xogos Florais do meu Betanzos aló polo 1960 –un neno eu aínda– cuns poemas que el mesmo editara baixo o título «*Mariñanas (Retábulo betanceiro)*» nunha imprenta de Xubia en edición fermosa para a época e da que son gostoso propietario.

Vai para vintecinco anos que vin a primeira exposición das cerámicas de Pérez Porto no castelo coruñés de San Antón, ubicación do Museo Arqueolóxico que dirixía e coidaba o común amigo Felipe Senén. Coido lembrar que eran daquela figuras dun Nadal galego. Sería polo ano oitenta (do século pasado, hai que dicir agora).

Voltei ver outra exposición da súa obra en Lugo hai uns cinco anos. E fiquei realmente impresionado. Para entón a súa obra xa adquirira calidades moi estimables e proporcións monumentais.

Na obra de Pérez Porto atopamos unha visión do mundo –do noso mundo galaico– leda e agarimosa, un desexo de felicidade e harmonía en comunión coa natureza. Quizáis un franciscanismo esencial ou un panteísmo moi noso, vencellados a unha relixiosidade popular non desmentida nin rexeitada polo artista. O arco da vella, os floridos maios, os nenos, os paxaros, as vellas lendas... son temas predilectos na obra dun autor que nunca deixou de ollar o mundo cunha certa ollada infantil (ollada limpa que non inxenua), presente mesmo nese colorido brillante e deslumbeante.

Nin a madurez técnica e persoal nin o compromiso co país e coa humanidade o alonxaron desa visión das cousas tan pura e sinxela como a dos nenos. Non en balde son os nenos e as nenas figuras protagonistas de moitos dos seus temas. As cores que Xosé Francisco utiliza nas súas pezas son as cores do arco da vella, así de ampla e de alegre a súa gama.

E tamén pezas máis ou menos abstractas que, partindo das vellas formas tradicionais, envolúen a formas innovadoras, sorprendentes e suxerentes, coa pegada da tradición sempre presente.

Logo está a súa obra máis monumental, exposta polo país adiante: a fonte de Cerámicas do Castro; o monumen-

to a Dieste en Rianxo recollendo moi ben o seu mundo fabulador; a homenaxe ao Pallaso en Fene, ese personaxe ao que tanto debemos... Unha obra que nos fala da viabilidade dunha arte cerámica ornamental para as nosas zonas urbanas que moi ben pode conxugar coa dos canteiros ou escultores. As cerámicas monumentais de Pérez Porto, coa súa estética peculiar e o seu cromatismo, poden aledar moi ben zonas urbanas do noso país, degradadas polo feísmo redundante. E mesmo ser fonte de ensinanzas e de lembranzas. Só falla que os nosos concellos e institucións se fagan cargo da súa necesidade. Que xa é hora. ■



O CERAMISTA PÉREZ PORTO, POR CALROS SILVAR

Betanzos, a dos cabaleiros

Víctor Luis Molinari



MOLINARI POR GENO DÍAZ

O arxentino Víctor Luis Molinari naceu no barrio porteño de San Telmo en 1904 no seo dunha familia italiana. Poeta, conferenciante, articulista en lingua castelá, conectou moi novo coa cultura galega, a través dos versos de Rosalía, e coa colectividade galega de Bos Aires, que tiña as súas principais sedes moi perto da súa casa. Viaxou dúas veces a Galicia e toda a súa vida foi dunha militancia sen tregua a prol do noso país e da súa cultura. A súa adicación viuse recompensada por múltiples premios literarios (tres veces obtivo o Valle Inclán do Centro Galego) e co nomeamento de Académico correspondente (o primeiro americano) da Real Academia Galega. Os seus traballos sobre Galicia recolleunos nos libros *Itinerario gallego*, *Latitud Finisterre*, *El rumbo en la estrella*, *La herida sin tiempo* e *De puerto a puerta*. Molinari finou en Bos Aires no ano 1980. (S.T.)

A Betanzos pódese chegar dende diversos límites. Non ten unha entrada precisa, unha pasaxe obrigada como outras cidades que están no itinerario forzado dalgunhas presencias. Dende o Mar Cantábrico –que dende o Fisterra cambiará de nome e se chamará Atlántico, para soñar con América– ou dende a terra nutricia que a contorna morosamente con toda a súa sabiduría de pan de centeo e de lavanda, Betanzos impón a súa lembranza a contramán de toda sentimentalidade anecdótica. Chegar a Betanzos é pois un costume do camiño. Chégase a Betanzos como quen chega á súa propia casa, sen se o propoñer. Instintivamente. E a cidade recíbeo con todo o seu avoengo de séculos que verticalizou o seu nome brigantino como a un vello amigo de tódolos días.

Só así se pode visitar Betanzos. O demais é estar presente sen entrar na carnadura da cidade preclara, que tivo os meirandes privilexios, algúns deles realmente fastuosos, máxime na época en que foron concedidos. Citalos é innecesario. Só lembraremos un, o de Henrique Trastámara que dispoñía que non poideran reunirse as Cortes sen asistencia dun representante da cidade brigantina.

O pasado esplendor aínda persiste contra o tempo que todo o devora. Incluso a tradición de manter as súas feiras celebérrimas o día primeiro de cada mes. Sancho IV foi quen impuxo dita disposición, que foi mantida non só polo seu fillo don Fernando senón tamén por outros sucesores.

Capital de provincia, dunha das sete do vello Reino de Galiza, a súa capitalidade deu nome e renome a toda unha época. En plena Idade Media os Andrade mantiveron alí a súa ascendencia. Testemuñas desa liñaxe ficaron para sempre na historia e no perfil da cidade, que ostenta os seus brasóns cun señorío involuntario.

A mesma foi entón escenario de pendencias «cabaleirescas» entre señores sen medo e de medo. Calidade humana de risco e de aventura que signou e signa á cidade. Betanzos é unha verba de orde e a militancia é un imperativo, non só entre os seus homes, senón tamén entre as súas mulleres, sempre fideis á realidade circundante. Na guerra da Independencia esa cualidade púxose de manifesto sen esquecementos e fican nos vellos arquivos testemuñas que dan fe desa fidalguía.

Como ratificación desa presenza anterior a cidade aínda conserva vivencias que a confirman. Mansións con escudos, vellas portas tradicionais, pontes, sillares sobre ríos con historia, van creando o clima propicio para que o itinerario sexa entrañabel.

Castelos, pazos, igrexas, mosteiros, traen un aire de eternidade que o tempo perdido non puido destruír. Por iso en Betanzos hai que ir ao rabusco dese tempo perdido. Perdido e reatopado na maxia do presente que segue a afirmar que o mundo será sempre dos benaventurados.

A igrexa conventual de San Francisco recíbenos co seu cruceiro indemne a todas as tormen-



A TUMBA DE ANDRADE O BÓ NUNHA ANTERIOR UBICACIÓN

tas. Construída a fins do século XIV, o seu estilo oxival sobresaí sobre algunhas reminiscencias do románico. Os seus tres ábsides alertan a súa planta de cruz latina e entrar nela configura unha pausa grave no andar betanceiro. Os motivos escultóricos son importantes, mais algúns enterramentos superan todo asombro. Así o celeberrimo sepulcro de don Fernán Pérez de Andrade, o bóo, que impressiona co seu oso e o se xabarán tradicionais e que é un dos exemplares máis valiosos da historia heráldica e artística de Galiza. De tódolos enterramentos de Galiza, quizáis sexa este o máis emotivo e trascendente. Sentimento da pedra que transfere o seu calor humano á fría executoria da escultura.

A igrexa matriz da cidade é a igrexa parroquial de Santiago, que mantén o mesmo estilo que a de San Francisco. Novamente aquí os enterramentos configuran unha alta calidade estética con algunhas capelas —a de San Pedro e San Pablo— que exhibe retablo isabelino e ademáis verxa gótica que realza o entorno. A torre do reloxo impón cos seus dous corpos, a apuntalar o ábside do Evanxeo.

A igrexa parroquial de Santa María do Azougue tamén é de estilo oxival, pero aquí as reminiscencias románicas son máis marcadas. Novamente insítese cos diversos enterramentos, podendo admirarse os restos dun retablo medioeval que mantén toda a suxestión da época. Sen esquecer San Martiño de Tiobre, San Martiño de Bravío e Santa María de Pontellas, estas máis antigas e románicas; dunha soa nave e con ábside rectangular. E para rematar con esta peregrinaxe piadosa, o Santuario de Nosa Señora do Camiño,

co seu estilo renacemento, que ten predicamento entre os fieis, máis aló dos rosarios consecuentes. Se engadimos a esta monumentalidade evidente os vellos palacios, a Casa Consistorial de estilo neoclásico, o Colexo das Orfas, o Hospital, o Hospital de San Antón de Padua —onde nos recibe un Rubens inesperadamente— e o Palacio do Arquivo Xeral do Reino de Galiza, tamén neoclásico, o tránsito urbano transfórmase nunha festa que os calendarios non poden soslaiar pese ao tempo transcorrido.

A cidade empínase na súa festa maior que culmina o día de San Roque, coa tradicionalísima romaría dos Caneiros, que se cumpre polo río Mandeo arriba en busca do lugar para que a romaría abra o seu abano de sorpresas. As embarcacións engalanadas, percuran a sombra propicia das árbores da ribeira, con faroliños multicores, que serán acendidos logo pola noite cando o regreso dé a euforia dos fogos de artificio. O despliegue gastronómico de empanadas, cos seus motivos distintos de gusto e presentación —así sexan de polo, de bacallau, de raxo ou de chourizo— configuran un desafío á dixestión menos laboriosa. Xa o di a copla popular:

*Non son ferramentas
para ir segar,
que son empanadas
para ir merendar.*

E logo a pausa, na beira e ao abrigo do sol, coa gaita como música de fondo e os aturuxos pánicos que configuran o berro da estirpe. Todo no clima propicio das ribeiras do Mandeo que dan a súa verde esperanza máis aló da angustia do presente.



PARRULOS NO PEIRAO. FOTO DE RAMÓN DIMAS

Ese día a cidade ponse de festa dende o mencer. As atraccións, as competencias deportivas, as comparsas de xigantes e cabezudos, os bailes dos antigos gremios, coas súas danzas de mariñeiros e labregos, as batallas de serpentinas e de flores, os fogos acuáticos e o tradicional globo de papel que busca as alturas entre o estrondo das matracas e a alegría de grandes e pequenos, dá á festa patronal, que signa a fe de San Roque, un perfil humano e unha proxección anímica trascendente. Betanzos vibra na súa festa maior e tela vivido a carón da súa xente é unha referencia inesquecible do camiño. Todo esto sen esquecer as lumeiradas de xuño e a festividade de Nosa Señora dos Remedios en setembro e a Feira de Santos, que xa ten sona en toda Galiza.

Este relumbrón de vellas tradicións e estas testemuñas de monumentalidade permanente deron a Betanzos unha aura de eternidade que se confirma no interese que a súa visita transcende cada día en máis. Pero fronte a esa categorización do tempo ido, asombra a falta de ímpetu do momento actual. A cidade demorouse no seu devir glorioso e a falla de actividade empalideceu o seu trasmundo comercial e social a tal punto que os betanceiros seguen a emigrar na procura de compesacións reais máis de acordo coas esixencias do momento presente.

Betanzos reprégase entón en si mesmo e nalgúns horas do véspero, na media tarde do crepúsculo, cando a nosa sombra percura o muro que a comprenda, unha leve melancolía embaza as mellores horas. A cidade quere concretar a súa mensaxe presente, pero vese trabada pola falta de perspectivas que a impulsen de novo ao seu destino maior. As vellas voces e as tradicións incólumes manteñen emporiso o mesmo fervor de sempre. Notásello nos diálogos que á beira do camiño nos informan da realidade cotiá. O espírito segue a ser o mesmo. Pleno de optimismo e de esperanza. Mais os días enfíanse entre as semanas e o mañá faise improbábel. Betanzos entón soña e agarda.

Mentres tanto, seguro de si mesmo, deixa a auga tomada da fonte tradicional na clásica sella, sabendo que o rumor da mesma, como unha caracola mariña, traeralle os ecos dunha futura grandeza, que ninguén poderá evitar.

Porque para iso é Betanzos, a dos cabaleiros... ▣

(«De puerto a puerta. Vivencias Gallegas». Edicións Galicia do Centro Galego de Buenos Aires. Instituto Argentino de Cultura Galega. 1975. Corrixiuse a copla, que estaba mal.)



ENCHENDO A SELLA NA FONTE DE DIANA.
FOTO DE JOSÉ SUÁREZ (1902-1974)

A Fala de Extremadura

Por Maxi Rei

Aínda hai xente a estas alturas que non sabe que en Extremadura hai tres pobos nos que se fala unha lingua moi semellante ó galego, que os propios falantes chaman *a fala* e que os turistas non moi hábiles en materia lingüística confunden cunha variante portuguesa, dada a súa cercanía a Portugal, pero a verdade é que as xentes destes pobos non se entenden cos portugueses e coa lingua que máis relación ten é co propio galego, exactamente non é galego xa que ten moitas inflexións do bable asturiano e o acento propio é o de extremadura, hai que acostumar o oído para entendelos. Estes pobos ubícanse na serra de Gata, que marca fronteira entre as provincias de Cáceres e Salamanca, moi preto, como se dixo antes, de Portugal, chámanse: Esjas, Villaverde del Fresno e San Martín de Trevejo (é curioso a cantidade de nomes que hai en Extramadura con xenitivo); as razóns que se aducen para explicar as orixes deste curioso fenómeno remontan ós tempos medievais, coñecidos na historiografía tradicional como Reconquista, co establecemento de grupos de poboación galego-astur-leoneses; agora ben, explicado a orixe do mesmo o máis difícil resulta explicar a pervivencia ó longo de tantos séculos, como é posible, remata un por preguntarse, que non fose fagocitado polo castelán, que era o idioma das elites dominantes no resto da coroa de Castela, sen lugar a dúbidas é difícil dar cos motivos... pero paseando por estes pobos, a propia observación das súas xentes danos unha pista moi valiosa e ó mesmo tempo sinxela: é unha lingua que non desapareceu porque os seus falantes transmitírona xeración tras xeración, transmitíana xeración tras xeración, xa que non é raro escoitala falar ós máis cativos, proceso este que se está rompendo en Galicia xa que as últimas pescudas sinalan que

xa son máis os castelán falantes que os galegos falantes, nun proceso dialéctico onde un idioma remata papando a outro. Hai que interrogarse porque este proceso non se dou —e se se da, en moita menor medida— nestes tres pobos, xa que é obvio que neles nunca a administración nin a educación estiveron na súa propia lingua como aconteceu durante tanto tempo no resto do Estado Español. A erosión do galego e a ruptura progresiva nas súas cadeas de transmisión xeracional explicase porque a xente considera máis útil e válido o castelán que a súa propia lingua, crendo que falar castelán é falar ben e falar galego é falar mal (Castelao), axioma este establecido cunha solidez inamovible na mente de milleiros de persoas; neste sentido é acertada a hipótese que fai varios anos lanzaba Basilio Losada de que o galego desaparecerá nos próximos douscentos anos, é obvio. Volvendo ós pobos da *fala* atopámonos que na súa mentalidade popular non se dou este proceso que conduce á autodestrucción da lingua, do seu peculiar particularismo, senón que a falan con toda a naturalidade e sobre todo dignidade: a súa lingua, ó contrario da nosa, non ten ningún tipo de connotacións negativas:

sexan estas verticais (diferencia de clases) ou horizontais (mundo urbano versus mundo rural).

Ó mellor, nun futuro non moi lonxano, os que queiran escoitar falar algo semellante ó galego terán que seguir o camiño que percorreron aqueles grupos de poboación galego-astur-leoneses durante o século XII e reflexionar como é posible que un país remate renunciando á súa propia fala mentras que unha variante desta perviva a máis de 600 quilómetros completamente aillada da mesma durante centos de anos. ■



Imaxe dunha rúa de San Martín de Trebellu, obsérvase a peculiar morfoloxía da mesma: o regato de auga atravesa o centro da rúa, elemento moi importante tanto polo seu equilibrio térmico como polo seu atractivo turístico; asimismo son de destacar os escalóns de cantería que hai nas entradas das casas, que se utilizaban para cargar e subirse ós animais, segundo non indicou unha guía local; tamén chama a atención a gran cantidade de portas de dobre folia, tan típicas en Galicia.

O muíño da memoria

Alfredo Erias

Ir ó muíño de Cutián era unha aventura para min. Collía un carreiro que estaba detrás da miña casa, un carreiro cara ó leste que ía pola beira do balo que pechaba o pasto dos de Cacheiro. Despois desembocaba no camiño da Fós, seguía cara abaixo, chegaba a outro que viña do Cruceiro de Preseado, e xiraba cara á dereita e cara abaixo, sempre cara abaixo. Todo transcorría no medio dos montes, montes con pinos altos, algún eucalipto de vez en cando, toxos, fiekos, silvas, corvos, pegas, paxaros por todas partes, insectos infindos...

Chegado un momento, saía do camiño e collía, á esquerda, un carreiro que ía dereito cara ó muíño. Pero este carreiro caía ó final moi empinado e tiña que procurar non esvarar.

Por fin, abaixo, estaba noutro camiño que bordeaba o río Mero e, á beira, unha ponte de pau. Ó outro lado, a casa grande (a min parecíame daquela) con tres muíños moendo. Olor a fariña. ¡Que dozura a fariña acabada de moer e quente esvarando polos dedos tenros dun neno! Os rodicios que xiraban alí abaixo na auga. «Rodicio»: aínda me soa máxica hoxe esta palabra.

E logo o canal que traía a auga directamente ó muíño. Era un canal feito a propósito había moito tempo. Cada ano limpábano e aproveitaban varios homes para coller moitas troitas co goxo. Un ano colleron unha enorme: traíaa o muiñeiro todo orgulloso ó lombo. Parece mentira pero así era. ¡Que alegría, que festa, que fame tiña eu e con que ganas comía! Comía de todo naquel tempo, porque ademais meus pais inculcáronme a idea de que non se podían botar soberbias, posto que había nenos no mundo que non tiñan que comer, e a min eso convenceume definitivamente, así que sempre comín o que me puxeron no prato e logo intentei inculcarllo ós fillos.

Unha cousa que me quedou moi gravada foi cando, un día que á noitiña saía para a miña casa, Xosé Manuel do Muíño me dixo: espera, vouche coller unhas troitas. Metémonos no río, desde a ponte cara arriba. Non había moita auga, eu ía detrás. Achegouse paseniño a unha beira, quedou



quieto, meteu as dúas mans abertas cara arriba, esperou inmóbil e, de súpeto, sacounas pechadas agarrando unha troita. A impresión foi tanta, parecíame tan increíble, que aínda hoxe o recordo como se estivera pasando. Díxome que ás veces mesmo lles acariciaba a barriga e elas esperaban. O caso é que por ese método, sempre río arriba, colleume unha ducia máis ou menos. Íaas enganchando polas engalas nun pao cunha ramiña na parte baixa, que impedía que caeran.

Sempre me custaba volver para a casa, pero logo non había máis remedio: tiña que, subir a costa. O problema estaba en que con frecuencia era de noite. Lembro vivamente a sensación de camiñar só polos camiños e carreiros, polo medio do monte, de noite pecha, sen lúa, rodeado polos infindos sons das árbores xigantes, dos animais...

Tódolos meus sentidos estaban alerta. Mesmo remataba por ver bastante ben, aínda que non houbese lúa. Tiña medo, desde logo, pero estaba alí e había que chegar á casa como fose. E así, a base de repetir a experiencia moitas veces, funlle perdendo algún medo á noite, pero de todo aínda non llo perdín hoxe. Hai algo na noite que produce inqueda. De pronto, posibilidades terribles que de día non pasan pola cabeza, fanse moi reais coa chegada das tebras. Está claro que a noite foi sempre un tempo de perigo para as nosas vidas desde hai millóns de anos e eso está impreso no máis fondo do noso ser.

Coa familia dese muíño tiñamos meus pais máis eu unha relación de fonda amizade, aínda que tamén eramos familiares. Pero o muiñeiro prestáralle cartos a meu pai cando estaba necesitado e meu pai nunca o esqueceu e lembróunolo sempre.

Compartiamos as rexoadas, axudabámonos nos traballos de labranza (chameilles as vacas en varias ocasións nas terras costeiras que eles tiñan) e, en fin, aquela xente e ese muíño perdido no fondo daquel val encheron unha parte moi importante da xeografía mítica daquel neno labrego que aínda xoga as agachadas nos recunchos da miña memoria.

Ilustración: ERIAS



VÍCTOR TIZÓN

Unha época dourada para o pop coruñés

Xosé Luis Sobrino

A música na cidade coruñesa está a atravesar un bo momento. Sempre se falou de que o referente musical neste estilo era a cidade de Vigo e así foi no seu momento xa que de alí saíron nos 80 e 90 moitos dos grupos que logo chegarían a ser un referente a nivel nacional. O caso é que esta década trae novidades dende a Coruña e delas ímonos ocupar de seguido.

Jacobo Paz & Company
Single «En las Calles».
www.jacobopaz.com

O músico coruñés Jacobo Paz non é un recén chegado á escena musical, aos seus 29 anos xa ten publicado o disco «Buscando Pistas» e neste momento está a ultimar os temas que comporán o seu segundo traballo discográfico. O seu novo disco podería saír a principios do ano 2006. Neste single de adianto Jacobo Paz ofrece unha pequena mostra do que pode conter este álbum que seguramente confirmará a Jacobo como un dos referentes da escena musical coruñesa.

O single ofrécenos o tema «En las calles» no que Jacobo cun estilo marcado polo pop español dos anos 80 fai un percorrido nostálxico pola paisaxe urbana dunha cidade calquera, facilitando así a identificación dos ointes co tema. Pero ademáis temos outro bo exemplo do seu bo facer co tema «Tierra seca, tierra mojada» con el podemos facernos unha idea do que pode conter o agardado segundo disco deste autor.

Hai que destacar que Jacobo Paz contou para a gravación destes dous temas coa colaboración de Ángel Venancio, guitarrista que soe acompañar a músicos como Manolo Tena ou Los Caños.

Ademáis para os directos o compositor herculino rodeouse dunha banda entre a que destaca o guitarrista arxentino, Richi, músico cunha ampla traxectoria musical en Madrid e na Coruña.

Esta entrega complétase cunha entrega do videoclip «En las calles», un bo aperitivo para ir facendo boca na espera de que se publique ese segundo traballo discográfico.



Dirección Norte
«Dirección Norte»
www.falcatruada.com

Dende a Coruña tamén chega Dirección Norte, formación xurdida a raíz da desaparición doutra banda que acadara bastante sona no seu momento o grupo Hechizo. Dirección Norte está composta por Anet Beiro (vocalista) e Adolfo xunto con Adrián na guitarra. Formación que se completa nos directos cun batería, baixo e teclista.

Dirección Norte optou neste traballo polo pop, dende o máis vitalista como no tema que abre o disco «Buscaré una luz», ata un pop máis



Silvia Penide

Invisible

www.falcatruada.com

Podemos xa disfrutar da nova entrega da cantautora coruñesa, quen tras estar de xira polo este de Europa regresou para ofrecer novos temas neste novo disco «Invisible». Un traballo que segue a liña doutras entregas, polo tanto o intimismo é o seu ingrediente principal. O novo álbum está integrado por trece temas nos que de novo é evidente o talento como autora e letrista de Penide.

Un pequeno bocado ou perla é o que abre o disco: «Quiero darte», un anticipo do que pode ofrecer Silvia Penide a aqueles que non coñecen aínda a súa música. O disco ten algún tema cumio como «Que hago yo con esta ciudad» ou «Mi rompecabezas». Pero si algo debe recoñecerselle a Silvia é que ten unha habilidade particular para ir fiando unha sucesión de temas que teñen sempre algo en común. A cotidianidade anegada de lirismo das súas letras que fan que os temas que aborda, que son do máis variado, cheguen con facilidade ao público. Ademais neste traballo Silvia Penide ofrece unha novidade, un tema cantado en galego «Sen dúbida» que representa a súa estrea como compositora na nosa lingua e sen dúbida déixanos con ganas de escoitar no futuro algún tema máis en galego. Tamén é salientable a presentación visual deste novo traballo, para o cal Silvia Penide se rodeou dalgúns colaboradores/as habituais que conseguiron un estupendo resultado final. En suma un bo conxunto de cancións para deixarse levar da voz e letras dunha cantautora que xa ocupa un lugar preferente dentro da nosa música.

intimista con aires de balada romántica como o da canción «Cuéntame». Na gravación do disco contaron con algunha colaboración salientable como a de Rosa Cedrón (ex-Luar na Lubre), que ofrece un dueto con Anet no tema «Cálido», tema que debería ser posiblemente un dos adiantos deste disco. Pero neste disco poderemos atopar moitas cousas máis como un homenaxe á música sudamericana coa ranchera «No lo digas más». Pese a todo o pop melódico é o nexos en común da maior parte deste debut discográfico. Dez temas en suma nos que disfrutar cun pop fresco que seguramente chegará e satisfará a públicos moi diferentes e deixa patente as súas raigames procedentes de estilos tan suxerentes como o soul.



As novas que nos chegan

Baraxeiro

CUADERNO DEL PRÍNCIPE DE ESPENUCA, de **Carlos Penelas** (Ave-llaneda, 1946) é unha colección de notas intimistas e autobiográficas deste fillo de galegos emigrantes, autor dunha extensa obra poética. Editado no pasado 2004 polo Centro Betanzos de Buenos Aires, entidade que ven de cumprir o seu centenario, o autor evoca nas cen páxinas do caderno as orixes galegas da familia (con raíces en Espenuca), as vivencias porteñas no seo dunha familia emigrada, o proceso de formación intelectual e ideolóxico alentado dende a casa, ao tempo que fai introspección sobre o papel do poeta e do intelectual na sociedade.

RAMÓN PIÑEIRO: CRONOBIOGRAFÍA E CARTAS é o segundo dos Cadernos Ramón Piñeiro que edita o Centro do mesmo nome para a Investigación en Humanidades. A edición está a cargo de **Luís Alonso Gírgado** e **Teresa Monteagudo Cabaleiro**. Recolle unha ampla cronobiografía e corenta e oito cartas que Piñeiro (1915-1990) dirixira a Avilés de Taramancos (4 cartas), Carlos Casares (3), Luis Pimentel (3) e a súa viúva Pilar Cayón (1), Rafael Dieste (4), Manuel María (5), Manuel Meilán (1), Eduardo Moreiras (6), Claudio Rodríguez Fer e Carme Blanco (5), Pilar Vázquez Cuesta (3) e Carlos Zubillaga Barrera (13).


O Caderno I leva por título **RAMÓN PIÑEIRO: DÚAS LECTURAS** e ten por autores a **Anxo González Fernández** e **Ramón López Vázquez**.



O Caderno III está dedicado a **BIBLIOGRAFÍA E HEMEROGRAFÍA DE RAMÓN PIÑEIRO: UNHA CONTRIBUCIÓN** e foi elaborado por **Luís Alonso Gírgado**, **María Cuquejo Enríquez** e **Teresa Monteagudo Cabaleiro**.

ALGUNHAS REFLEXIÓNS SOBRE O EXILIO E LORENZO VARELA, recolle unha conferencia de **Xosé Luis Axeitos** na Universidade da Coruña dentro dos actos de homenaxe ao poeta de Monterroso, protagonista da pasada edición das Letras Galegas. Complementan o esclarecedor texto sete dos poemas galegos de Varela. A edición do folleto corre a cargo de Edicións do Castro e leva un limiar do reitor da universidade coruñesa José María Barja.

FOULAS E RONSEIS (Retrincos para un tratado do mar dos galegos) é un volume que ven de editar Positivas recompilando artigos e ensaios de **Dionisio Pereira** arredor da temática marítima, eido que o autor ven cultivando alén da súa condición de investigador do sindicalismo galego, nomeadamente o de signo anarquista. "O mar tamén ten historia", "O mar, humanizado" e "Cuestións encol do patrimonio marítimo" son os tres eixes arredor dos que se ordenan os diferentes traballos que van dende as vellas loitas e organizacións mariñeiras, ás formas de sociabilidade, a navegación tradicional, ate o patrimonio marítimo vivo ou museístico.

CADERNO DE ESTUDIOS CHAIREGOS, nº 2, editado polo Instituto de Estudos Chairegos (entidade sediada en Vilalba que ven desenvolvendo un moi notable traballo cultural), ábrese cun limiar de Bernardo García Cendán e continúa con vinte textos de diversos autores en "Homenaxe a Manuel María". Deste autor reproducense varios textos sobre Vilalba. No apartado de "Investigación" atopamos traballos sobre "As feiras e mercados no Condado de Vilalba" e "Os cruceiros da Terra Cha. Algunhas tipoloxías dos cruceiros de A Pastoriza". Do xornalista vilalbés Moncho Paz publicanse "Sete conversas con chairegos" recollidas de xornais. Unha boa parte deste extenso volume está dedicado á sección "Tal como eramos", que recolle a reprodución de máis de dúascentas "Fotos para o recordo", que recrean acontecementos, actividades e xentes de Vilalba. Pecha o volume o apartado "Nova poesía" que recolle o poemario "Ao norte do camiño" de María Xosé Lamas.





SILVA DE VARIA RECENSIÓN recolle varios comentarios críticos publicados por **Antón Capelán** na prensa periódica sobre publicacións relacionadas coa figura e obra de Camilo Díaz, Manuel Antonio, Armando Fernández Mazas, Alejandro Finisterre e Avilés de Taramancos. O folleto inaugura a colección *Cadernos Ensaio* de Edicións Laiovento.

O LIVRO DA PRIMEIRA CLASSE, novo poemario que autoedita **Fernando Botto Semedo**, autor cunha xa extensa obra poética, recupera a memoria da infancia e das cousas cotiás para reencontrarse co neno que foi, nuns versos limpos que o poeta quixera que fosen como unhas anotacións no caderno escolar da crianza que comeza a escribir e a darlle nome ás cousas.

ESCRITOS. DOIS CONTOS E ALGUNS POEMAS recolle textos recuperados e inéditos de **Oliveira Guerra**, escritor portugués do que se cumpre este ano o centenario do seu nacemento e que tivo unha grande relación con Galicia, contribuindo ao intercambio cultural galego-portugués coa creación da revista *Céltica*. A coordinación e selección dos textos, así como un limiar corresponden a Alexandra Fabela Ramos. A edición inclúe unha táboa cronobiográfica e textos sobre Oliveira de varios autores, incluída a súa filla María Virginia Guerra Monteiro. O apartado "In Memoriam" recolle a repercusión da súa morte en 1964 entre escritores e medios da Galicia da época.

NERUDA, CEM ANOS DEPOIS. Reflexos na poesía portuguesa, recolle unha colectánea de 77 poetas portugueses que celebran o poeta chileno e a súa obra no centenario do seu nacemento o pasado 2004. Entre eles vemos nomes coñecidos, algúns amigos d'A Xanela como Ruy Ventura, Susete Viegas ou María Virginia Monteiro. Conta cun prefacio sobre a recepción da obra de Neruda en Portugal, de Manuel Simões, quen tamén traduz dous poemas do Nobel de 1971, de tema portugués. O organizador da antoloxía, que publica a Universitaria Editora, é o poeta **Cristino Cortes**.

saudades, revista de poesía, editada en Amarante (Portugal) e dirixida por António José Queirós, sacou en xuño o seu número 7. Máis de corenta voces poéticas, a maior parte portuguesas, participan neste número dedicado ao poeta e profesor José Augusto Seabra. Entre elas o propio director, e coñecidos nosos como Botto Semedo, María Virgínia Monteiro, António Cândido Franco, Nicolau Saião, Ulisses Duarte ou os galegos Xosé Lois García e Xosé M^a Álvarez Cáccamo. Como "Extratexto" acompáñase un deseño de Francisco Laranjo, tamén en homenaxe a Seabra.

terra e tempo, revista galega de pensamento nacionalista, editada pola Fundación Bautista Álvarez de Estudos Nacionalistas e dirixida por Xoán Carlos Garrido Couceiro achegounos dous novos números. Así, o nº 133, correspondente ao primeiro trimestre do 2005, entrevista ao líder indexinista boliviano Evo Morales e inclúe un amplo dossier sobre Jean Paul Sartre no centenario do pensador francés. Opinión, economía, cultura, internacional, viaxes, son outros apartados que recollen diversas colaboracións.



ESMORGA

C/ Rollo, 34 · Tel. 981 772010 · BETANZOS

DISCO-BAR

TROUZA

Rosalía de Castro, 6-8
BETANZOS



MUSEO DAS MARIÑAS

-Excmo. Concello de Betanzos-

Aberto todos os días
de 10 a 13 e de 16 a 20 h.

NOVIDADES CRÓNICA



Conversas con Méndez Ferrín
Historia, literatura, nación
Xosé Manuel del Caño

XERAIS

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>

**PAPELERÍA
LIBRERÍA
REGALOS
IMPORTACIÓN**

ESTANCO

Valdoncel, 91
(Ponte Nova)
Tel. 981 770201
BETANZOS



Plaza Alfonso IX, 10
Teléfono 981 770952 · BETANZOS

**FERRETERÍA
José Luis
BUTANO**

Na mesma Porta da Vila
Plateiros, 1 · BETANZOS
Tels. 981 770410 - 981 772661



Rúa do Castro, 2
Betanzos dos Cabaleiros
Teléfono 981 77 36 69



B E T A N Z O S



SOPORTAIS DA FONTE DE UNTA, 10
B E T A N Z O S



ártabros
Enseñanza Técnica Superior

Rúa da Pescadería, 2
Tel. 981 77 26 72 · Fax 981 77 47 34
15300 BETANZOS (A Coruña)



VENDA E DISTRIBUCION EN ALIMENTACION

Telefónos:
908 98 86 88
(981) 78 84 20

Muiños, 7
15314 Mántaras- Irixoa
(A Coruña)



LIBRERÍA PAPELERÍA

Rúa do Rollo, 32 · 15300 BETANZOS (A Coruña)
Tel. 981 772649 · E-mail: libreriadonin@telefonica.net

**FERRETERÍA
ROQUE
MENAXE**

MATERIAL ELÉCTRICO

Distribuidor: **CAMPING-GAS**

COPIA DE CHAVES

CERRALLERÍA · FERRAXES

Avda. Xesús García Naveira, 36
Tel. 981 773253 · BETANZOS



**Carta de Café
Doces caseiros**

Café Plaza

**Venta de billetes do
Grupo Alsa Enatcar**

Avda. de Castela, 2 · BETANZOS
Teléfono 981 77 27 45

R/ Valdancel, 16
15300 BETANZOS
Teléfono 981 774798

**MARÍA LÓPEZ JUNQUERA
JORGE DÍAZ SÁNCHEZ**

clínica veterinaria
valdancel




Almacenes ROYAL, S.L.

A SUA CASA EN PINTURAS

**EN PINTURAS BRUGUER,
PREZOS SEN COMPETENCIA**

Avda. Fraga Iribarne, s/n · Tel. 981 772714
Fax 981 772600 · 15300 BETANZOS



**Fincas
DoCastro**

Se merca ou vende. Consúltenos!

☎ 981 773636 Rúa do Castro, 17-1º

